



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E  
FORMATIÓN PROFESIONAL

**CEIP VIRXE DA BARCA**

Rúa Enfesto 13, 15124 Muxía

Tlfno: 881 880 794

[ceip.virxedabarca@edu.xunta.es](mailto:ceip.virxedabarca@edu.xunta.es)

ÍNDICE	Páxina
<b>1. Introdución</b>	2
<b>2. Cambios nas Normas de organización e funcionamento.</b>	2
<b>3. Actuacións de prevención, hixiene e protección.</b>	9
<b>4. Accións formativas para a competencia dixital</b>	11
<b>5. Atención aos aspectos emocionais e sociais</b>	12



## 1. INTRODUCCIÓN.

Segundo as Instruccións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acolida”.

Segundo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

## 2. CAMBIOS NAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

- **USO DE MÁSCARA USO DE MÁSCARA NO CENTRO:**

O alumnado de primaria usará sempre máscara e en infantil considerouse necesario uso da mesma, por ser altamente recomendable.

Usarase SEMPRE máscara en:

- Desprazamentos polo centro, de forma individual ou en grupo.
- Nos desprazamentos aos aseos durante as actividades lectivas.
- Na entrada e saída do centro
- Nos recreos.
- Na biblioteca.
- Nas reunións de claustro, consello escolar, xuntas electorais, titorías coas familias, departamento de orientación, etc.
- Nas actividades de Educación Física que non permitan manter a distancia mínima.

No acceso ao centro toda persoa, tanto da comunidade educativa como externa, terá que levar máscara.

Por tanto, alumnado, profesorado tutor e profesorado especialista terá que usar **mascarilla** de forma obligatoria dentro da aula, nos desprazamentos polo centro e no recreo.

- **ORGANIZACIÓN DO CENTRO**



A distribución do noso alumnado por cursos e etapas é a seguinte:

ETAPA	CURSO	ALUMNADO
INFANTIL (17)	4º E 5º (3 E 4 ANOS)	4º 5º 10
	6º (5 ANOS)	7
PRIMARIA (24)	1º	8
	2º	11
		<b>TOTAL: 36</b>

Cada un destes grupos será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a organizar entradas, saídas e recreos.

**IMPORTANTE: Só poden acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao patio nin ao edificio.**

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas. Por isto, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco.

- **ENTRADA**

As 9:20 comezarase coas entradas do alumnado ao centro, e en cada intervalo de 5 minutos irán entrando as distintas clases, tal e como sigue:



Curso	Saídas	Titor/a	Portal de acceso
2º de primaria	09:20	Portal escaleiras	
1º de primaria	09:25	Portal escaleiras	
6º de infantil	09:30	Portal rampla	
4º e 5º de infantil	09:35	Portal rampla	

A partir da 9:20, cada grupo entrará no centro nun intervalo de tempo de 5 minutos entre clase e clase, pois consideramos tempo suficiente para que non se haxa aglomeracións nos accesos e escaleiras. Despois de que o conserxe dea a entrada a cada curso os pequenos/as seguirán o seu titor/a. O titor/a ao recibilos será o encargado de aplicar xel hidroalcohólico nas mans de cada alumno e alumna.

Apelando a conciencia cidadá de todos/as, solicito responsabilidade e puntualidade nos accesos, co fin de evitar maiores problemas.

Nos casos en que o **alumnado chegue tarde, forá do horario de entrada**, terá que esperar a entrada do último curso, de 09:40 a 09:45. No caso de que chegen máis tarde das 09:45, teran que esperar o cambio de clase das 12:00 para incorporarse. Os titores, rexistrarán os días que os nenos se incorporan no tempo de cortesía e cada 3 veces que isto suceda, rexistarase en XADE unha falta de puntualidade non xustificada.

- **SAÍDAS**

O alumnado de **alumnado sairá escalonadamente a partir das 14:20 horas ás 14:35**. Os/as titores/as e o conserxe acompañarán ao alumnado ata a zona de espera das familias, que estarán no exterior dos portais indicados.



2º de primaria	14:20	Ana Mª Gómez	Portal escaleiras
1º de primaria	14:25	Substituto Sonia por determinar	Portal escaleiras
6º de infantil (5 anos)	14:30	Mª del Carmen Haz	Portal rampla
4º/5º infantil (3/4 anos)	14:35	Estefanía Trillo	Portal rampla

***Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior. Antes de saír, todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel.***

- **FLUXO DE MOVEMENTOS DURANTE A XORNADA ESCOLAR**

Tanto andar no que se atopa a porta principal do centro e as aulas de infantil e o 2º andar que pertence a primaria, os corredores estarán sinalizado no chan indicando a dirección da circulación para os desprazamentos e os sentidos de entrada e saída.

O grupo estable de convivencia de Infantil terá todas as clases na aula de referencia e só se desprazarán ao ximnasio na sesión de psicomotricidade usando as mesmas escaleiras que baixan a planta inferior, usando o pasamáns (lado esquierdo), como xa se viña facendo en anteriores cursos.

No segundo andar donde están as aulas de primaria, a biblioteca e aula de música o **corredor estará sinalizado no chan indicando a dirección da circulación para os desprazamentos**. Usarán as mesmas escaleiras coas que acceden ao centro pero facendo uso da marxe dereita, sairán e entrarán do recreo sempre de forma escalonada.

O **alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria SEMPRE** será acompañado polo profesorado titor no tempo de recreo, sairán e entrarán do recreo sempre de forma escalonada.

Procuparse que o alumnado de primaria acuda ao baño antes de baixar ao patio. No caso de que necesiten ir ao baño, terán que acudir ao baño da 1º habilitado para tal fin. Cando finalice o recreo os nenos/as **IRÁN DIRECTAMENTE ÁS AULAS**. Á volta do recreo serán os profesores/as que teñan docencia no grupo os que regularán o fluxo de asistencia ao



baño controlando a hixiene de mans.

Cando chova e non se poda realizar o RECREO no exterior, accederán ao ximnasio seguindo as orientacións, que estará dividido en 2 parcelas diferenciadas para impedir a mistura de grupos distintos.

**O profesorado que teña a última sesión con cada grupo será o responsable de que todo o material da aula quede recollido e desinfectado**

- **AGRUPACIÓNS**

Os Grupos de Convivencia Estable, son grupos onde os membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita. Estes teñen que evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos, o que non faría necesario gardar a distancia interpersonal de 1 metro en aula.

As agrupacións están recollidas no Plan de adaptación á situación covid no seu punto A.7 de Determinación dos grupos estables de convivencia.

Para cubrir as ausencias do profesorado nos grupos estables de convivencia, sempre se cubrirán con profesorado que imparta docencia no grupo estable.

En canto ao, **uso da biblioteca do centro**, o alumnado fará uso da biblioteca da aula baixo a supervisión do profesorado titor ou profesorado de garda.

Os grupos estables de convivencia terán como único **espazo** para as **actividades lectivas** a **aula asignada**, con excepción das horas de psicomotricidade/educación física e nas horas de Relixión/Valores que precisen desdoble e nas de Reforzo. Estas aulas deberán ser desinfectadas e ventiladas durante 5 minutos polo profesorado responsable do grupo antes de que sexa usada por outros alumnos/as. Os nenos/as de primaria accederán tamén a clase de música, posto que cada curso ten as sesión de música en días distintos da semana.

A **merenda** tomarase dentro da aula antes de baixar ao patio, o profesorado responsable do grupo nese momento encargarase da limpeza de mans antes e despois e desinfectarase a superficie da mesa usada para a merenda.

Cada alumno/a terá a súa **botella/bote con auga** que traerán cada día **da casa** na mochila. En ningún momento compartirán botellas, vasos, cubertos, etc.

- **REALIZACIÓN DE EVENTOS:**

Elimínanse os eventos, limitando o acceso ás persoas alleas ao centro. Mientras a



situación sanitaria non mellore, non se realizarán os festivais pola ampla asistencia das familias, posto que non contamos cun espazo tan grande como para manter as distancias mínimas de seguridade.

- **REUNIÓNS A DESENVOLVER DURANTE O CURSO:**

**Titorías coas familias:**

Os/As tutores/as terán ao inicio de curso reunións informativas para explicar como será o desenvolvemento do curso 2020/21 e os posibles escenario que se podan dar.

As titorías coas familias terán lugar preferentemente por vía telefónica. Os tutores e titoras tamén facilitarán un correo electrónico de contacto a principio de curso.

Nos casos nos que non sexa posible a titoría telefónica, concertarase cita previa para unha titoría presencial. Habilitarase un espazo que permita manter a distancia mínima e que conte con xel hidroalcohólico. A titoría será individual e tanto o proxenitor/a como o profesorado farán uso da máscara.

As **reunións da ANPA** deben priorizar as reunións telemáticas e no caso de ser de carácter presencial, farase uso do salón do voluntariado previa solicitude para o seu uso, seguindo sempre o protocolo da Consellería de Sanidade e Educación.

As **reunións do Consello Escolar**, celebraranse de forma non presencial por vía telemática, a través do correo electrónico do centro co aporte de toda documentación, onde os membros deberán comunicar o acordo ou desacordo de cada punto a tratar.

Todas as convocatorias de reunións serán remitidas por medios electrónicos, do mesmo modo se enviará a documentación necesaria para o desenvolvemento da reunión (documentos a aprobar). Polo que todo o profesorado ten a obriga de facer revisión diaria do seu correo electrónico corporativo.

- **NORMAS PARA O USO DAS AULAS:**

Cada alumno/a terá o seu **material diferenciado** na súa mesa nun estoxo ou lapiseiro no que garde o seu material de forma individual.

O todo **alumnado** deberá deixar o material co que estea traballando na aula.. **Non se compartirá** ningún material **sen a previa desinfección** do mesmo.

Nos grupos que se faga uso do encerado o material, como **xiz/rotulador propio**, será desinfectado despois de cada uso.



Cada alumno/a, colocar as suas pertenzas, en vez de en perchas, nun caixón de uso individual co seu nome dentro dun moble específico para tal fin.

**No caso das aulas que son usadas por máis dun grupo,** Como pode ser a biblioteca, o alumnado deberá desinfectar (con desinfectante e pano desbotable) a mesa e a cadeira que usaron antes de abandonar a aula. Ademáis a aula será ventilada durante 5-10 minutos. Nestes espazos usados por varios grupos o **material de uso común** debe **desinfectarse antes e despois da súa utilización.** A outra clase común sería a de **música e non habería problema, posto que a semana solo fan uso dela 1º e 2º de primaria en días diferenciados.**

**O profesorado** debe realizar a hixiene de mans e **desinfección** de cadeira e material común

- **USO DA BIBLIOTECA:**

Será o profesorado o que poderá facer o sistema de préstamo para a súa aula. O alumnado acudirá acompañado por un profesor/a para facer uso do sistema de préstamo. O préstamo de libros farase do xeito habitual pero ao ser devolto permanecerá 4 horas en caixas illadas e identificativas antes de volver aos andéis.

A biblioteca usarase en primaria como aula de alternativa a relixión. Esta decisión determinase porque a optativa citada conta cun grupo reducido de nenos/as, feito que facilita o seu desplazamento. Alí estarán sinalados os postos de traballo que poden ser ocupados para manter a distancia de seguridade.

Antes de entrar hixienizarán as mans e na saída farán desinfección dos postos que ocupasen, de ser o caso, e hixiene de mans novamente.

- **ASEOS:**

**O alumnado de infantil de 3 e 4 anos fará uso do aseo da súa aula. O alumnado de 5 anos, usará o aseo da planta baixa. Os alumnos de primaria, usarán os baños do seu andar.**

Cando o alumnado faga uso del, o profesorado prestará especial atención a guiar unha correcta hixiene de mans tras o seu uso. Non poderán haber máis dous alumnos/as ao tempo.

O/a profesor/a responsable do grupo será o encargado de supervisar que o alumnado fai un uso individual deste espazo e que se mantén a hixiene de mans despois do seu uso.



Usarán máscara no desprazamento e hixienizarán as mans antes de regresar á aula.

O **profesorado e persoal non docente** fará uso dos aseos para docentes do primer andar. Por proximidade, os mestres que imparten en primaria usarán o aseo de Mestres do 2º andar.

- **RECREOS:**

**Ningún alumno/a así como docente comerá nin beberá no patio, nin o exterior nin o interior. A merenda da mañá deberá tomarse na aula coas medidas de hixiene de mans, distancia e desinfección de superficies.**

**Educación Infantil e primaria**, sempre que sexa posible o recreo será no patio exterior. Cando as condicións meteorolóxicas non o permitan faranse no ximnasio que estará parcelado en 2, co fin de albergar aos dous grupos estables de convivencia distintos que teñan hora de patio. Aclarar que antes, o horario de saída o recreo era conxunta para todos grupos, as 12:15. Este ano debido a situación e falta de espazo, co fin de garantir quendas distintas, realizaronse cambios nos horarios, polo que quedan da seguinte maneira:

RECREOS	HORARIO
Primaria	12:00 á 12:30
infantil	12:30 á 13:00

- **HORARIO DE DIRECCIÓN**

Colgarase na páxina web do centro, o horario de dirección. Deberá solicitarse cita previa ao teléfono 881880794 no caso de precisar atención presencial ou información ao respecto dalgo.

### **3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.**

Creouse un Equipo Covid, que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as función recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021. Este equipo formao a directora do centro e a coordinadora de infantil aínda que o resto do profesorado está implicado activamente.

No caso de que alguén presente síntomas compatibles coa COVID, deberá ser trasladada a unha aula habilitada para tal fin. Neste centro, determinouse como espazo de illamento COVID a aula verde ou taller. Aquelas persoas nas que se detecten síntomas serán illadas



a este espazo, mentres non se xestionou o seu traslado.

O alumnado estará acompañado por un dos docentes que imparte docencia a dito alumno/a. Abrirase a ventá deste espazo mentres a persoal está nese lugar, que contará con:

- Máscaras cirúrxicas para adultos e infantís.
- Cubo para o lixo con pedal, tapa e bolsa de plástico.
- Solución hidroalcohólica
- Panos individuais desbotables.
- Mascarillas.

Este espazo é seleccionado por ter menor uso que outros espazos do centro, a actividade diaria pode realizarse con total normalidade sen o seu uso, está no primeiro andar e é a aula máis próxima a entrada. No caso de ser necesario illar a unha persoa, o equipo COVID avisará ao persoal de limpeza para que extreme as medidas preventivas e de desinfección. Cando o persoal de limpeza non poda acudir, por estar noutro centro do municipio, o conserxe asumirá esa limpeza.

Antes da súa desinfección sinalizarase a prohibición do paso a ese espazo mediante un cartel visible a todo o persoal do centro e deixarase con ventilación constante.

As medidas máis significativas que se levarán a cabo dende os domicilios e o centro son:

- Cada día, antes de acudir ao centro todo o persoal, mestres e nenos/as, no seu domicilio deberá facer a enquisa de autoavalíação diaria para comprobar que non teñen síntomas compatibles con COVID 19 segundo o anexo XIV. ([anexo XIV](#)) que estará dispoñible na páxina web. Non acudirán ao centro aqueles que teñen síntomas contemplados neste anexo.
- Os titores e titoras serán as responsables de dar a coñecer as actuacións do Plan de forma adaptada á idade do alumnado.
- O primeiro día explicarase en profundidade e durante as primeiras semanas do curso traballarase na adquisición destas rutinas:
  - O correcto uso da mascara, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
  - Evitar tocarse ollos, nariz e boca.
  - Hixiene de mans (segundo as instruccións que hai en tódolos aseos).
  - Tapar a boca cun pano desbotable ao tusir ou esbirrar que logo, se desbotará nun cubo do lixo con tapa. Se non é posible tusir contra a flexura do cóbado. E



incidir na limpeza de mans posterior.

- Manter a distancia física.
- Non compartir o material propio.
- Cada día, antes de acudir ao centro todo o persoal, mestres e nenos/as, no seu domicilio deberá facer a enquisa de autoavalación diaria para comprobar que non teñen síntomas compatibles con COVID 19 segundo o anexo XIV. ([anexo XIV](#)) que estará dispoñible na páxina web. Non acudirán ao centro aqueles que teñen síntomas contemplados neste anexo os que tiveran contacto estreito con alguma persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- O uso de máscara será obrigatorio en primaria e por ser altamente recomendable en infantil, considerámolo necesario.
- Nas portas de acceso ao centro e de cada aula haberá xel hidroalcólico para a limpeza de mans.
- Hixienizarán as mans co xel no momento de entrar na aula baixo a supervisión do mestre correspondente, acción que repetirán ao longo da xornada, despois de ir o baño, antes das merendas, antes e despois de saír aos patios.
- O material do alumnado será de uso individual e en vez de contar cunha percha identificada con nome un caixón dentro dun moble organizador onde gardar as suas pertenzas.
- Sempre que as condicións metereolóxicas o permitan as xanelas estarán abertas o maior tempo posible.
- Cada aula contará cunha folla rexistro na que ir anotando as **ventilacións** realizadas ao longo da xornada que irá asinada polo profesorado responsable do grupo en cada momento.
- Nos **corredores estableceranse sentidos de entrada e saída** nas que se circulara pola dereita, segundo o recollido no Plan de Adaptación covid-19

#### 4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

Dentro do Programa de Formación Permanente do Profesorado, potenciaremos as



actividades relacionadas coa docencia telemática, co fin de preparar ao alumnado no caso de presentarse a modalidade de ensino non presencial pero non se recurrirá as aulas virtuais. Consideramos que a formación do noso alumnado, debido as súas baixas idades, debe realizarse a través doutras ferramentas tecnolóxicas que permitan ao seu desenvolvemento integral.

## 5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.

A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.

A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía. Debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera podemos pasar por esa situación ánda sen ter cometido actos imprudentes.

Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoialo e coidaloo emocionalmente.

O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.

A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colextio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumplir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

O alumnado necesita ser escoidado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP VIRXE DA BARCA

Rúa Enfesto 13, 15124 Muxía

Tlfno: 881 880 794

[ceip.virxedabarca@edu.xunta.es](mailto:ceip.virxedabarca@edu.xunta.es)